



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## BANDO

# VISITA DA SÚA MAXESTADE O REI FELIPE VI AO PAZO DE QUIÁN

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, pon en coñecemento da cidadanía que a Súa Maxestade o Rei Felipe VI visitará o Pazo de Quián, na parroquia de Sergude, este **mércores 20 de marzo**, co gallo da celebración do Día Internacional dos Bosques. Aos actos acudirá tamén unha comitiva integrada por autoridades do Goberno de España, da Xunta de Galicia e do Concello de Boqueixón.

Todas as persoas que estean interesadas en presenciar esta visita poderán achegarse ata o recinto do Pazo de Quián. Por razóns de organización e seguridade, os vehículos deberán quedar estacionados no Campo da Festa de Sergude. Na contorna do Pazo de Quián haberá unha zona específica habilitada para o público.

A visita está prevista para as 13:00 horas. Non obstante, **recoméndase achegarse ata o lugar ás 12:30 horas.**

Felipe VI visitará o Centro de Experimentación Agroforestal de Sergude, onde se desenvolverá a xornada conmemorativa do Día Internacional dos Bosques. A comitiva coñecerá os traballos silvícolas que se están efectuando no monte experimental de Quián. O acto rematará cunha degustación de produtos típicos galegos.

En Boqueixón, a luns 18 de marzo de 2019  
O Alcalde-Presidente  
Manuel Fernández Munín

